

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

5400 *Real decreto 365/2010, do 26 de marzo, polo que se regula a asignación dos múltiples da televisión dixital terrestre tras o cesamento das emisións de televisión terrestre con tecnoloxía analóxica.*

O 30 de decembro de 2004 o Goberno aprobou un Plan de impulso á televisión dixital terrestre, que permitiu superar a situación de estancamento en que se atopaba o sector. Entre as medidas que se adoptaron para o impulso da televisión dixital terrestre no noso país, destaca a promulgación do Real decreto 944/2005, do 29 de xullo, pola que se aproba o Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre.

A disposición adicional primeira do citado real decreto, no seu número 1, fixa que o cesamento das emisións de televisión terrestre con tecnoloxía analóxica se efectuará antes do 3 de abril de 2010, de forma que, a partir desa data, toda televisión terrestre que se preste será con tecnoloxía dixital.

Así mesmo, o Real decreto 944/2005, do 29 de xullo, establece un esquema de cambio da televisión analóxica á televisión dixital terrestre, que se traduce nun escenario de transición da tecnoloxía analóxica á tecnoloxía dixital e nun escenario tras o cesamento das emisións de televisión terrestre con tecnoloxía analóxica.

No escenario de transición da televisión analóxica á televisión dixital terrestre, acordouse a asignación de maior capacidade de transmisión na prestación de servizos de televisión dixital terrestre para que, garantindo unha maior oferta televisiva, se dea un impulso decisivo ao desenvolvemento e implantación da televisión dixital terrestre no noso país.

Pola súa banda, no escenario tras o cesamento das emisións de televisión terrestre con tecnoloxía analóxica, prevese, así mesmo, a asignación de capacidade adicional de transmisión na prestación de servizos de televisión dixital terrestre. En concreto, a disposición adicional terceira do Real decreto 944/2005, do 29 de xullo, reguladora do escenario tras o cesamento das emisións de televisión terrestre con tecnoloxía analóxica, prevé que cada unha das sociedades concesionarias do servizo público de televisión terrestre de ámbito estatal accederá, logo de solicitude e tras o cesamento das emisións de televisión terrestre con tecnoloxía analóxica, a un múltiple dixital de cobertura estatal, sempre que acrediten o cumprimento das condicións establecidas, principalmente relacionadas co impulso e o desenvolvemento da televisión dixital terrestre.

Igualmente, a Corporación de Radio e Televisión Española accederá a dous múltiples dixitais de cobertura estatal para a súa explotación en réxime de xestión directa.

Por último, para cada unha das comunidades autónomas, tras o cesamento das emisións de televisión terrestre con tecnoloxía analóxica, reservaranse dous múltiples dixitais de cobertura autonómica.

Este real decreto avanza no proceso de realizar unha transición ordenada e adecuada do servizo de televisión terrestre con tecnoloxía analóxica ao servizo de televisión dixital terrestre, mediante a determinación dos criterios que se van aplicar para a planificación dos múltiples dixitais de ámbito estatal e autonómico que se porán á disposición dos operadores de televisión e das comunidades autónomas, tras o cesamento das emisións con tecnoloxía analóxica.

Polo tanto, o real decreto non procede á asignación de capacidade adicional de transmisión na prestación de servizos de televisión dixital terrestre, nin outorga novas canles ou múltiples dixitais, senón que, partindo do marco xurídico do Real decreto 944/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre, regula a asignación dos múltiples da televisión dixital terrestre tras o cesamento das emisións de televisión terrestre con tecnoloxía analóxica.

Nesta regulación e planificación radioelétrica dos múltiples dixitais que, a teor do establecido no Real decreto 944/2005, do 29 de xullo, estarán dispoñibles tras o cesamento das emisións de televisión terrestre con tecnoloxía analóxica, vanse ter en conta as decisións regulatorias que os organismos internacionais especializados en telecomunicacións e as institucións comunitarias están a adoptar para que a subbanda de frecuencias de 790 a 862 MHz (canles radioelétricas 61 a 69), no que se veu denominar «dividendo dixital», poida ser utilizada para outros usos, como os servizos avanzados de comunicacións electrónicas de carácter paneuropeo.

A Conferencia Rexional de Radiocomunicacións da rexión 1 da Unión Internacional de Telecomunicacións (UIT), que aprobou o Plan de Xenebra en xuño de 2006, acordou o uso de toda a banda UHF 470-862 MHz para os servizos de radiodifusión. Non obstante, con posterioridade, a Conferencia Mundial de Radiocomunicacións 2007 aprobou, para a rexión 1, a atribución ao servizo de comunicacións móbiles en uso coprimario cos servizos de radiodifusión da subbanda de frecuencias 790-862 MHz.

Ao abeiro destas decisións regulatorias internacionais, as institucións comunitarias están a estudar a oportunidade de incorporar no seo da Unión Europea a posibilidade de que a subbanda de frecuencias 790-862 MHz se destine a outros usos, principalmente os relacionados cos servizos avanzados de comunicacións electrónicas de carácter paneuropeo.

Co fin de que, coa antelación posible, os traballos de planificación radioelétrica dos múltiples dixitais que van estar dispoñibles tras o cesamento das emisións con tecnoloxía analóxica consideren a necesidade de ir liberando a subbanda de frecuencias de 790 a 862 MHz (canles radioelétricas 61 a 69) do uso do servizo de televisión dixital terrestre, de forma que antes do día 1 de xaneiro de 2015 a dita subbanda poida estar reservada para outros usos e servizos, a regulación da asignación dos múltiples dixitais que leva a cabo este real decreto establece dúas fases.

Por un lado, a fase 1 está referida á situación tras o cesamento das emisións de televisión terrestre con tecnoloxía analóxica, mentres que a fase 2 ten como obxectivo que, antes do 1 de xaneiro do ano 2015, a subbanda de frecuencias de 790 a 862 MHz (canles radioelétricas 61 a 69) poida quedar reservada principalmente para a prestación de servizos avanzados de comunicacións electrónicas, en liña cos usos harmonizados que se acorden na Unión Europea.

Na fase 1, con carácter transitorio, cada unha das sociedades concesionarias do servizo público de televisión terrestre de ámbito estatal accederá, se acreditaron que cumpriron as condicións establecidas relacionadas co impulso e o desenvolvemento da televisión dixital terrestre, á capacidade equivalente dun múltiple dixital de cobertura estatal.

Para iso, planificaranse tres novos múltiples dixitais de cobertura estatal, planificación que estará baseada nas canles radioelétricas que conforman a canle analóxica de televisión que veñen explotando as sociedades concesionarias «Antena 3 de Televisión, S.A.», «Gestevisión Telecinco, S.A.» e «Sogecable, S.A.».

A capacidade dos múltiples dixitais de cobertura estatal que serán explotados polas sociedades concesionarias do servizo público de televisión terrestre de ámbito estatal, tanto dos xa existentes como dos novos por planificar, deberá ser obxecto de explotación compartida polas ditas sociedades, de maneira que exista equidade entre todas elas durante todo o proceso.

A planificación dos dous múltiples dixitais da Corporación de Radio e Televisión Española estará baseada, respectivamente, nas dúas canles analóxicas e no múltiple dixital con capacidade para efectuar desconexións territoriais de ámbito autonómico que vén explotando.

Así mesmo, a planificación dos dous múltiples dixitais reservados ás comunidades autónomas estará baseada, respectivamente, na canle analóxica de televisión de cobertura autonómica que a maioría delas explota e no múltiple dixital que actualmente teñen asignado.

En todos os casos sinalados, a planificación ten o obxectivo de reducir no posible o impacto sobre os usuarios e de garantir o uso eficiente do espectro radioeléctrico, tomando como base as canles radioeléctricas que se atopan inscritas no Plan de Xenebra 2006, integrado no Acordo da Conferencia Rexional de Radiocomunicacións (CRR-2006), adoptado en Xenebra en xuño de 2006, así como as inscricións posteriores introducidas neste plan como consecuencia dos acordos de coordinación alcanzados por España con outros países. Estas canles están coordinadas internacionalmente e, en consecuencia, contan coa necesaria protección radioeléctrica fronte a posibles interferencias.

Na fase 2 planifícanse novos múltiples dixitais e estableceranse axustes nos múltiples dixitais a que se refire a fase anterior, co obxectivo de que antes do 1 de xaneiro de 2015 a subbanda de frecuencias de 790 a 862 MHz poida quedar reservada para outros usos e servizos, de maneira que as canles radioeléctricas 61 a 69 que veñen sendo utilizadas polos múltiples dixitais da fase anterior poidan ser nesta fase substituídas por outras situadas por debaixo da citada subbanda.

A fase 2 conclúe antes do 1 de xaneiro de 2015 coa asignación do múltiple ou os múltiples dixitais definitivos a cada unha das entidades habilitadas, de maneira que finaliza a explotación compartida da capacidade dos múltiples dixitais por parte das sociedades concesionarias do servizo público de televisión terrestre de ámbito estatal, e co cesamento de emisións de televisión nas canles que se viñan utilizando dentro da subbanda de frecuencias 790-862 MHz.

Por último, establécense as porcentaxes de cobertura de poboación que deben alcanzar as entidades habilitadas nos múltiples dixitais planificados nas fases mencionadas. En todo caso, e de acordo co establecido na disposición adicional sétima da Lei 10/2005, do 14 de xuño, de medidas urxentes para o impulso da televisión dixital terrestre, de liberalización da televisión por cable e de fomento do pluralismo, as canles dixitais de televisión que emitan en aberto, a Corporación de Radio e Televisión Española e as sociedades concesionarias do servizo público de televisión dixital terrestre de ámbito estatal poderán ser recibidas mediante sistemas de difusión por satélite naquelas zonas en que non exista cobertura do servizo de televisión dixital terrestre de ámbito estatal.

Na tramitación deste real decreto déuselle audiencia ao Consello Asesor de Telecomunicacións e da Sociedade da Información, e o proxecto foi obxecto de informe pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia exclusiva do Estado en materia de telecomunicacións recoñecida no artigo 149.1.21ª da Constitución.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de marzo de 2010,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Asignación de múltiples dixitais tras o cesamento das emisións de televisión terrestre con tecnoloxía analóxica.*

1. Cada unha das sociedades concesionarias do servizo público de televisión terrestre de ámbito estatal accederá, logo de solicitude e tras o cesamento das emisións de televisión terrestre con tecnoloxía analóxica, a un múltiple dixital de cobertura estatal, sempre que se acredite o cumprimento das condicións establecidas no número 1 da disposición adicional terceira do Real decreto 944/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre.

En particular, «Antena 3 de Televisión, S.A.», «Gestevisión Telecinco, S.A.», «Sogecable, S.A.», «Veo Televisión, S.A.» e «Sociedad Gestora de Televisión Net TV, S.A.» deberán acreditar o cumprimento das condicións establecidas na explotación de canles dixitais adicionais, de acordo co indicado na disposición transitoria cuarta do citado Real decreto 944/2005, do 29 de xullo, relativa ao impulso e desenvolvemento da televisión dixital terrestre. «Gestora de Inversiones Audiovisuales, La Sexta, S.A.» deberá acreditar

o cumprimento das obrigas que en materia de impulso e desenvolvemento da televisión dixital terrestre veñen establecidas no seu contrato concesional.

Con carácter transitorio, cada unha das sociedades concesionarias do servizo público de televisión terrestre de ámbito estatal accederá, se acreditou que cumpriu as condicións mencionadas anteriormente, á capacidade equivalente dun múltiple dixital de cobertura estatal. O acceso ao múltiple dixital definitivo producirase, en todo caso, antes do 1 de xaneiro de 2015, de acordo coas fases establecidas nos artigos seguintes.

2. A Corporación de Radio e Televisión Española, tras o cesamento das emisións de televisión terrestre con tecnoloxía analóxica, accederá a dous múltiples dixitais de cobertura estatal para a súa explotación en réxime de xestión directa, de acordo co establecido no número 2 da disposición adicional terceira do Real decreto 944/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre.

3. Resérvanselle a cada unha das comunidades autónomas, tras o cesamento das emisións de televisión terrestre con tecnoloxía analóxica, dous múltiples dixitais de cobertura autonómica, de acordo co establecido no número 3 da disposición adicional terceira do Real decreto 944/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre.

Artigo 2. Fases para a asignación dos múltiples dixitais tras o cesamento das emisións de televisión terrestre con tecnoloxía analóxica.

A asignación dos múltiples dixitais a que se refire o artigo anterior levarase a cabo tras as dúas seguintes fases:

a) Fase 1: actuacións tras o cesamento das emisións de televisión terrestre con tecnoloxía analóxica.

O servizo de televisión dixital terrestre explotarase na banda de frecuencias de 470 a 862 MHz (canles radioelétricas 21 a 69).

b) Fase 2: actuacións para que, antes do 1 de xaneiro do ano 2015, a subbanda de frecuencias de 790 a 862 MHz poida quedar reservada a outros usos e servizos.

Antes do 1 de xaneiro de 2015, o servizo de televisión dixital terrestre explotarase na banda de frecuencias de 470 a 790 MHz (canles radioelétricas 21 a 60), quedando a subbanda de frecuencias de 790 a 862 MHz (canles radioelétricas 61 a 69) reservada principalmente para a prestación de servizos avanzados de comunicacións electrónicas, en liña cos usos harmonizados que se acorden na Unión Europea.

Artigo 3. Múltiples dixitais tras o cesamento das emisións de televisión terrestre con tecnoloxía analóxica (fase 1).

1. Cada unha das sociedades concesionarias do servizo público de televisión terrestre de ámbito estatal, se acreditou o cumprimento das condicións a que se refire o artigo 1, accederá á capacidade equivalente dun múltiple dixital de cobertura estatal para a súa explotación en réxime de xestión indirecta.

Para tal efecto, seguiranse as dúas etapas seguintes:

a) Etapa 1, que se inicia no momento en que se autorice o acceso á nova capacidade e finaliza seis meses despois.

As sociedades concesionarias do servizo público de televisión terrestre de ámbito estatal poderán seguir explotando a capacidade dos múltiples dixitais asociados ás canles radioelétricas 66, 67, 68 e 69, e tamén poderán explotar a capacidade de tres novos múltiples dixitais que se planificarán.

Nos tres novos múltiples dixitais que se asignarán ao inicio desta fase, as sociedades concesionarias do servizo público de televisión terrestre de ámbito estatal compartirán a súa capacidade mediante a explotación por cada unha delas de dúas canles dixitais de televisión nun dos novos múltiples dixitais.

Nesta etapa, as sociedades concesionarias do servizo público de televisión terrestre de ámbito estatal deberán alcanzar nos tres novos múltiples dixitais planificados, polo menos, unha cobertura do 90 por cento da poboación.

b) Etapa 2, que se estende durante tres meses adicionais.

As sociedades concesionarias do servizo público de televisión terrestre de ámbito estatal seguirán explotando os múltiples dixitais nas condicións sinaladas na etapa anterior, aínda que deixarán de explotar a capacidade do múltiple dixital asociado á canle radioelétrica 66, e nos múltiples dixitais asociados ás canles radioelétricas 67, 68 e 69 compartirán a súa capacidade mediante a explotación por cada unha delas de dúas canles dixitais de televisión.

Por resolución da Axencia Estatal de Radiocomunicacións poderase establecer a utilización transitoria do múltiple dixital asociado á canle radioelétrica 66, co obxectivo de evitar perdas de cobertura de canles dixitais de televisión que ata ese momento reciben os usuarios.

Nesta etapa, as sociedades concesionarias do servizo público de televisión terrestre de ámbito estatal deberán alcanzar nos tres novos múltiples dixitais planificados, polo menos, unha cobertura do 96 por cento da poboación.

A planificación dos tres novos múltiples dixitais mencionados anteriormente estará baseada nas canles analóxicas que veñen explotando «Antena 3 de Televisión, S.A.», «Gestevisión Telecinco, S.A.», e «Sogecable, S.A.», e será realizada pola Axencia Estatal de Radiocomunicacións, de acordo cos seguintes criterios:

a) Para cada un dos tres novos múltiples dixitais establecerase unha rede de ámbito estatal tomando como base as áreas xeográficas definidas polos proxectos técnicos identificados no Plan nacional de transición á televisión dixital terrestre, aprobado por Acordo do Consello de Ministros do 7 de setembro de 2007.

b) En cada unha destas áreas xeográficas establecerase unha rede, tomando como base as canles radioelétricas que se atopan inscritas no Plan de Xenebra 2006, integrado no Acordo da Conferencia Rexional de Radiocomunicacións (CRR-2006), adoptado en Xenebra en xuño de 2006, así como as inscricións posteriormente introducidas neste plan baseándose nos acordos de coordinación alcanzados por España con outros países.

c) Na planificación dos tres novos múltiples dixitais non se utilizarán canles radioelétricas da subbanda de frecuencias de 790 a 862 MHz (canles radioelétricas 61 a 69).

A asignación concreta a cada unha das sociedades concesionarias do servizo público de televisión terrestre de ámbito estatal da capacidade equivalente dun múltiple dixital de cobertura estatal, a cal estará distribuída entre dous múltiples dixitais, será efectuada pola Axencia Estatal de Radiocomunicacións, tendo en conta as posibles propostas formuladas polas sociedades concesionarias. A dita asignación incluírá, así mesmo, a capacidade de transmisión que se poderá utilizar para a prestación de servizos adicionais distintos do de difusión de televisión.

2. A Corporación de Radio e Televisión Española, tras o cesamento das emisións de televisión terrestre con tecnoloxía analóxica, accederá a dous múltiples dixitais de cobertura estatal para a súa explotación en réxime de xestión directa, de acordo co establecido no número 2 da disposición adicional terceira do Real decreto 944/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre.

Un destes dous múltiples dixitais estará constituído polas canles radioelétricas que se destinan ao establecemento de redes de cobertura territorial estatal que figuran no artigo 2.1.b e anexo I do Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre, aprobado polo Real decreto 944/2005, do 29 de xullo, cos axustes e o desenvolvemento da planificación que se levou a cabo posteriormente para a extensión do servizo. Este múltiple dixital terá capacidade para efectuar desconexións territoriais de ámbito autonómico.

A planificación do outro dos múltiples dixitais estará baseada nas dúas canles analóxicas que vén explotando, e será realizada pola Axencia Estatal de Radiocomunicacións, de acordo cos seguintes criterios:

a) Establecerase unha rede de ámbito estatal tomando como base as áreas xeográficas definidas polos proxectos técnicos identificados no Plan nacional de transición á televisión dixital terrestre, aprobado por Acordo do Consello de Ministros do 7 de setembro de 2007.

b) En cada unha destas áreas xeográficas establecerase unha rede, tomando como base as canles radioelétricas que se atopan inscritas no Plan de Xenebra 2006, integrado no Acordo da Conferencia Rexional de Radiocomunicacións (CRR-2006) adoptado en Xenebra en xuño de 2006, así como as inscricións posteriores introducidas neste plan baseándose nos acordos de coordinación alcanzados por España con outros países.

c) Na planificación deste novo múltiple dixital non se utilizarán canles radioelétricas da subbanda de frecuencias de 790 a 862 MHz (canles radioelétricas 61 a 69).

A Corporación de Radio e Televisión Española, na etapa 1 a que se refire o número anterior, poderá seguir explotando a capacidade de que dispón no múltiple dixital asociado á canle radioelétrica 66, así como explotar os dous múltiples dixitais mencionados anteriormente. Nesta etapa, deberá alcanzar no novo múltiple dixital planificado, polo menos, unha cobertura do 90 por cento da poboación.

Na etapa 2 a que se refire o número anterior, a Corporación de Radio e Televisión Española non poderá seguir explotando a capacidade de que dispón no múltiple dixital asociado á canle radioelétrica 66, polo que só poderá explotar os dous múltiples dixitais mencionados anteriormente. Nesta etapa, deberá alcanzar no novo múltiple dixital planificado, polo menos, unha cobertura do 96 por cento da poboación.

Malia o indicado no parágrafo anterior, por resolución da Axencia Estatal de Radiocomunicacións poderase establecer a utilización transitoria do múltiple dixital asociado á canle radioelétrica 66, co obxectivo de evitar perdas de cobertura da canle dixital da corporación que ata ese momento reciben os usuarios a través da dita canle radioelétrica.

3. Resérvanselle a cada unha das comunidades autónomas, tras o cesamento das emisións de televisión terrestre con tecnoloxía analóxica, dous múltiples dixitais de cobertura autonómica, de acordo co establecido no número 3 da disposición adicional terceira do Real decreto 944/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre.

Un destes dous múltiples dixitais estará constituído polas canles radioelétricas que se destinan ao establecemento de redes de cobertura territorial autonómica que figuran no artigo 2.2 e anexo II do Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre, aprobado polo Real decreto 944/2005, do 29 de xullo, cos axustes e o desenvolvemento da planificación que se levou a cabo posteriormente para a extensión do servizo. Este múltiple dixital terá capacidade para efectuar desconexións territoriais de ámbito provincial.

A planificación do outro dos múltiples dixitais estará baseada na rede que configura a canle analóxica de televisión de cobertura autonómica, no caso de que esta exista.

A planificación deste segundo múltiple dixital de ámbito autonómico será realizada pola Axencia Estatal de Radiocomunicacións, de acordo cos seguintes criterios:

a) Establecerase unha rede de ámbito autonómico tomando como base as áreas xeográficas definidas polos proxectos técnicos identificados no Plan nacional de transición á televisión dixital terrestre, aprobado por Acordo do Consello de Ministros do 7 de setembro de 2007.

b) En cada unha destas áreas xeográficas establecerase unha rede, tomando como base as canles radioelétricas que se atopan inscritas no Plan de Xenebra 2006, integrado no Acordo da Conferencia Rexional de Radiocomunicacións (CRR-2006), adoptado en Xenebra en xuño de 2006, así como as inscricións posteriores introducidas neste plan baseándose nos acordos de coordinación alcanzados por España con outros países.

c) Na planificación deste novo múltiple dixital non se utilizarán canles radioeléctricas da subbanda de frecuencias de 790 a 862 MHz (canles radioeléctricas 61 a 69).

Por solicitude das comunidades autónomas, e sempre que as dispoñibilidades do espectro radioeléctrico o permitan, realizarase a planificación correspondente para que os múltiples dixitais de cobertura autonómica poidan realizar desconexións de ámbito insular, comarcal ou de entidades territoriais legalmente recoñecidas.

4. A planificación concreta das canles radioeléctricas que conformarán os múltiples dixitais a que se refire este artigo será realizada pola Axencia Estatal de Radiocomunicacións, tendo en conta os criterios de planificación mencionados e como obxectivo de actuación o de reducir no posible o impacto sobre os usuarios e garantir o uso eficiente do espectro radioeléctrico.

5. A utilización das canles radioeléctricas que conformarán os múltiples dixitais que se planifiquen nesta fase poderá ser efectiva en cada unha das áreas xeográficas desde o momento en que sexa ditada a resolución de asignación das canles pola Axencia Estatal de Radiocomunicacións.

Artigo 4. *Asignación de múltiples dixitais definitivos (fase 2).*

1. Co obxectivo de que a subbanda de frecuencias de 790 a 862 MHz (canles radioeléctricas 61 a 69) poida quedar reservada antes do 1 de xaneiro de 2015, para outros usos e servizos levaranse a cabo as seguintes actuacións:

a) Planificaranse tres novos múltiples dixitais de cobertura estatal dirixidos a substituír os múltiples dixitais asociados ás canles radioeléctricas 67, 68 e 69.

A planificación destes tres novos múltiples dixitais será realizada pola Axencia Estatal de Radiocomunicacións de acordo cos seguintes criterios:

i. Establecerase unha rede de ámbito estatal tomando como base as áreas xeográficas definidas polos proxectos técnicos identificados no Plan nacional de transición á televisión dixital terrestre, aprobado por Acordo do Consello de Ministros do 7 de setembro de 2007.

ii. En cada unha destas áreas xeográficas establecerase unha rede de frecuencia única.

iii. Na planificación deste novo múltiple dixital non se utilizarán canles radioeléctricas da subbanda de frecuencias de 790 a 862 MHz (canles radioeléctricas 61 a 69).

No prazo de nove meses contados desde que a Axencia Estatal de Radiocomunicacións dite a resolución de asignación das canles radioeléctricas asociadas aos tres novos múltiples dixitais planificados nesta fase en cada unha das áreas xeográficas, as sociedades concesionarias do servizo público de televisión terrestre de ámbito estatal deberán alcanzar unha cobertura na dita área xeográfica, polo menos, igual á cobertura nesa área dos tres novos múltiples dixitais planificados na fase anterior. A partir desa data, as sociedades concesionarias deberán explotar os tres novos múltiples dixitais planificados nesta fase.

Nestes novos múltiples dixitais, e ata que se asignen os múltiples dixitais definitivos, as sociedades concesionarias deberán efectuar a difusión simultánea das canles dixitais de televisión que emitan nos múltiples dixitais asociados ás canles radioeléctricas 67, 68 e 69.

b) No múltiple dixital de cobertura estatal a que se refire o número 2 do artigo 3, constituído polas canles radioeléctricas que se destinan ao establecemento de redes de cobertura territorial estatal que figuran no artigo 2.1.b e anexo I do Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre, aprobado polo Real decreto 944/2005, do 29 de xullo, as canles radioeléctricas das estacións que conforman o dito múltiple dixital situadas na subbanda de frecuencias de 790 a 862 MHz (canles radioeléctricas 61 a 69) serán substituídas por outras situadas na banda de frecuencias de 470 a 790 MHz (canles radioeléctricas 21 a 60).

Nestas novas canles radioeléctricas planificadas, e ata que se asigne o múltiple dixital definitivo, a Corporación de Radio e Televisión Española deberá efectuar a difusión

simultánea das canles dixitais de televisión que estea a emitir nas canles radioelétricas substituídas.

c) No múltiple dixital de cobertura autonómica a que se refire o número 3 do artigo 3, constituído polas canles radioelétricas que se destinan ao establecemento de redes de cobertura territorial autonómica que figuran no artigo 2.2 e anexo II do Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre, aprobado polo Real decreto 944/2005, do 29 de xullo, as canles radioelétricas das estacións que conforman o múltiple dixital situadas na subbanda de frecuencias de 790 a 862 MHz (canles radioelétricas 61 a 69) serán substituídas por outras situadas na banda de frecuencias de 470 a 790 MHz (canles radioelétricas 21 a 60).

2. A planificación concreta das canles radioelétricas que conformarán estes múltiples dixitais será realizada pola Axencia Estatal de Radiocomunicacións, tendo en conta os criterios de planificación mencionados no número anterior e como obxectivo de actuación o de reducir no posible o impacto sobre os usuarios e garantir o uso eficiente do espectro radioelétrico.

3. Cando o grao de antenización dos novos múltiples dixitais planificados na fase 2 sexa similar ao grao de antenización dos novos múltiples dixitais planificados na fase 1, as sociedades concesionarias do servizo público de televisión terrestre de ámbito estatal deixarán de emitir nos tres múltiples dixitais asociados ás canles radioelétricas 67, 68 e 69, deixarán de compartir a capacidade dos múltiples dixitais e disporán cada unha delas do múltiple definitivo.

O múltiple definitivo de «Antena 3 de Televisión, S.A.», «Gestevisión Telecinco, S.A.», e «Sogecable, S.A.» será o novo múltiple dixital planificado na fase 1 baseándose nas canles radioelétricas que conforman a canle analóxica que cada un vén explotando.

O mesmo criterio do grao de antenización será aplicable á Corporación de Radio e Televisión Española e ás comunidades autónomas nas áreas xeográficas en que se substituíron as canles radioelétricas situadas na subbanda de frecuencias de 790 a 862 MHz (canles radioelétricas 61 a 69) por outras situadas na banda de frecuencias de 470 a 790 MHz (canles radioelétricas 21 a 60).

Artigo 5. *Coordinación internacional.*

As características técnicas das estacións de televisión dixital terrestre estarán suxeitas ás modificacións que puideren derivar da aplicación dos procedementos de coordinación internacional previstos no Acordo de Xenebra do 16 de xuño de 2006, así como noutros posibles acordos internacionais que puideren vincular o Estado español no marco da Unión Internacional de Telecomunicacións (UIT), da Unión Europea ou da Conferencia Europea de Administracións de Correos e Telecomunicacións (CEPT).

Disposición adicional primeira. *Múltiple dixital para a prestación do servizo de televisión dixital terrestre en mobilidade.*

De acordo co disposto no número 7 da disposición adicional segunda do Real decreto 944/2005, do 29 de xullo, modificada polo Real decreto 920/2006, do 28 de xullo, planificarase un múltiple dixital para a prestación do servizo de televisión dixital terrestre en mobilidade.

Disposición adicional segunda. *Coberturas dos múltiples dixitais.*

Os múltiples dixitais asignados de xeito definitivo, tras a fase 2 a que se refire o artigo 4, deberán alcanzar as seguintes coberturas mínimas:

a) A Corporación de Radio e Televisión Española deberá alcanzar, polo menos, unha cobertura do 98 por cento da poboación no múltiple dixital de cobertura estatal a que se refire o número 2 do artigo 3, constituído polas canles radioelétricas que se destinan ao establecemento de redes de cobertura territorial estatal que figuran no artigo 2.1.b e anexo I

do Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre, aprobado polo Real decreto 944/2005, do 29 de xullo.

No múltiple dixital de cobertura estatal a que se refire o número 2 do artigo 3, baseado nas dúas canles analóxicas que vén explotando, a Corporación de Radio e Televisión Española deberá alcanzar, polo menos, unha cobertura do 96 por cento da poboación na etapa 2 mencionada no número 2 do artigo 3, e do 98 por cento da poboación antes do 1 de xaneiro de 2015.

b) As entidades públicas creadas a teor do establecido na Lei 46/1983, do 26 de decembro, reguladora da terceira canle de televisión, deberán alcanzar no seu ámbito territorial, polo menos, unha cobertura do 98 por cento da poboación. No caso de que as entidades públicas autonómicas exploten canles dixitais de televisión en máis dun múltiple dixital de cobertura autonómica, nun destes múltiples deberán acadar no seu ámbito territorial, polo menos, unha cobertura do 96 por cento da poboación e, unha vez conseguida a dita cobertura, disporán dun prazo de catro anos para lograr no seu ámbito territorial, polo menos, unha cobertura do 98 por cento da poboación.

c) As sociedades concesionarias do servizo público de televisión terrestre de ámbito estatal deberán alcanzar no seu ámbito territorial, polo menos, unha cobertura do 96 por cento da poboación.

d) As coberturas dos múltiples dixitais mencionados nos tres números anteriores poderanse estender baseándose nas coberturas complementarias que proporcionen as iniciativas autonómicas e locais de extensión do servizo de televisión dixital.

e) As sociedades concesionarias do servizo público de televisión terrestre de ámbito autonómico deberán alcanzar, no seu ámbito territorial, a cobertura comprometida no correspondente concurso público, mediante o que resultaron adxudicatarias da concesión.

En todo caso, as entidades habilitadas para a prestación do servizo de televisión dixital terrestre, tanto entidades públicas como sociedades concesionarias, garantirán respecto aos múltiples dixitais asignados nas fases 1 e 2, polo menos, idéntica cobertura poboacional que con tecnoloxía dixital alcanzaran no momento do cesamento das emisións de televisión terrestre con tecnoloxía analóxica no ámbito de cada un dos proxectos técnicos identificados no Plan nacional de transición á televisión dixital terrestre, aprobado por Acordo do Consello de Ministros do 7 de setembro de 2007.

Disposición adicional terceira. *Canles radioeléctricas reservadas para o servizo de televisión dixital terrestre de ámbito insular e local.*

Co obxectivo de que a subbanda de frecuencias de 790 a 862 MHz (canles radioeléctricas 61 a 69) poida quedar reservada para outros usos e servizos antes do 1 de xaneiro de 2015, as canles radioeléctricas reservadas para o servizo de televisión dixital terrestre de ámbito insular e local, situadas na subbanda de frecuencias de 790 a 862 MHz (canles radioeléctricas 61 a 69), serán substituídas por outras canles situadas na banda de frecuencias de 470 a 790 MHz (canles radioeléctricas 21 a 60), de forma que se reduza no posible o impacto sobre os usuarios e se garanta o uso eficiente do espectro radioeléctrico.

Así mesmo, e con idéntico obxectivo ao sinalado no parágrafo anterior, as canles radioeléctricas reservadas para o servizo de televisión dixital terrestre de ámbito insular e local, situadas na subbanda de frecuencias de 790 a 862 MHz (canles radioeléctricas 61 a 69) e que aínda non estean sendo explotadas na práctica por ningunha entidade habilitada, serán substituídas por outras canles situadas na banda de frecuencias de 470 a 790 MHz (canles radioeléctricas 21 a 60).

Disposición adicional cuarta. *Canles radioeléctricas inscritas no Plan de Xenebra 2006.*

No anexo recóllense as canles radioeléctricas que se atopan inscritas no Plan de Xenebra 2006 integrado no Acordo da Conferencia Rexional de Radiocomunicacións (CRR-2006), adoptado en Xenebra en xuño de 2006, así como as inscricións posteriormente

introducidas neste plan baseándose nos acordos de coordinación alcanzados por España con outros países, ordenados polo ámbito de cada un dos proxectos técnicos identificados no Plan nacional de transición á televisión dixital terrestre, aprobado por Acordo do Consello de Ministros do 7 de setembro de 2007.

Estas canles radioeléctricas tomaranse como base para a planificación dos múltiples dixitais nos supostos previstos neste real decreto.

Disposición adicional quinta. *Emisións de televisión dixital terrestre de alta definición.*

O número de canles dixitais de televisión que as entidades habilitadas deben explotar nas dúas fases mencionadas nos artigos 2, 3 e 4 pódese ver reducido se a entidade habilitada decide emitir algunha canle de televisión dixital terrestre de alta definición.

Disposición adicional sexta. *Canles radioeléctricas para microemisores de televisión dixital terrestre de cobertura autónoma.*

Nas actuacións de extensión de cobertura, e co fin de poder cubrir zonas de sombra radioeléctrica onde non é viable a utilización da canle radioeléctrica asignada nun múltiple dixital de ámbito autónomo, as comunidades autónomas poderán solicitar o uso dunha canle radioeléctrica distinta para ser utilizada nestas zonas de sombra radioeléctrica. Se as dispoñibilidades do espectro radioeléctrico o permiten, a Axencia Estatal de Radiocomunicacións determinará algunha canle radioeléctrica con este obxectivo e, en tal caso, na súa utilización deberanse cumprir as seguintes condicións:

A cobertura debe quedar restrinxida ás zonas de sombra radioeléctrica onde non é posible o uso da canle radioeléctrica inicialmente asignada.

A potencia radiada aparente máxima non superará 1 watt.

Non lles causará interferencia prexudicial a outras estacións autorizadas nin poderá reclamar protección fronte a interferencias doutras estacións legalmente establecidas.

As comunidades autónomas deberanlle notificar á Axencia Estatal de Radiocomunicacións as características técnicas e xeográficas de cada unha das estacións microemisoras que se instalen en aplicación desta disposición.

Disposición adicional sétima. *Autorización para resolver sobre axustes e adaptacións técnicas.*

Autorízase a Axencia Estatal de Radiocomunicacións para resolver sobre os axustes ou adaptacións técnicas, incluído o cambio de canles radioeléctricas, derivadas da coordinación internacional, por motivos de alcanzar unha maior eficiencia no uso do espectro radioeléctrico ou para resolver os problemas de incompatibilidade radioeléctrica que se puidesen producir durante a posta en servizo das estacións emisoras.

Disposición adicional oitava. *Definicións.*

Aplicaranse a este real decreto os termos definidos no apéndice do Real decreto 944/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre, que terán o significado que alí se lles asigna.

Disposición transitoria única. *Exercicio de funcións ata a constitución da Axencia Estatal de Radiocomunicacións*

As competencias e funcións administrativas que este real decreto lle atribúe á Axencia Estatal de Radiocomunicacións serán exercidas pola Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información e pola Dirección Xeral de Telecomunicacións do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio ata a efectiva constitución da Axencia Estatal de Radiocomunicacións, momento en que, de conformidade co disposto no artigo 47 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de Telecomunicacións, lle pasará a corresponder o seu exercicio ao dito organismo.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

1. Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

2. En particular, quedan derogadas as seguintes disposicións:

a) Parágrafo 3.º do número 1 da disposición adicional terceira do Real decreto 944/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre.

b) Parágrafos 2.º, 3.º e 4.º do número 2 da disposición adicional terceira do Real decreto 944/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre.

c) Parágrafo 4.º do número 3 da disposición adicional terceira do Real decreto 944/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre.

3. Os artigos 1 e 2 do Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre, aprobado polo Real decreto 944/2005, do 29 de xullo, deixarán de ter validez unha vez que se produza o cesamento de emisións de televisión con tecnoloxía analóxica.

Disposición derradeira primeira. *Título constitucional.*

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia exclusiva do Estado en materia de telecomunicacións recoñecida no artigo 149.1.21ª da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Modificación da disposición adicional décimo segunda do Real decreto 944/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre.*

Modifícase a disposición adicional décimo segunda do Real decreto 944/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre, que queda redactada do seguinte xeito:

«Disposición adicional décimo segunda. *Iniciativa pública na extensión da cobertura.*

Os órganos competentes das administracións públicas e entidades dependentes destas poderán acordar a instalación, en zonas onde non exista cobertura do servizo de televisión dixital terrestre, de estacións terrestres en rede de frecuencia única para a difusión aos seus cidadáns do citado servizo, sempre e cando se cumpran as seguintes condicións:

a) Comunicarlles ás sociedades concesionarias e entidades habilitadas para a prestación do servizo de televisión dixital terrestre a relación de estacións en que se vai facer uso do dominio público radioeléctrico que estas teñen asignado para difundir o servizo de televisión dixital terrestre.

b) Prestar o servizo portador do servizo de televisión dixital terrestre sen contraprestación económica ningunha.

c) Comunicarllo previamente á Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

d) Que non supoña unha distorsión á competencia no mercado. Cando a Comisión do Mercado das Telecomunicacións detecte que a prestación do servizo portador do servizo de televisión dixital terrestre afecta o mercado, en función da existencia nese ámbito territorial de condicións de mercado que permitan o acceso aos ditos servizos ou da distorsión da libre competencia, poderá impor condicións específicas na prestación do servizo.

e) Que sexa conforme co Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre, e non se lles causen interferencias prexudiciais a outras estacións legalmente establecidas.

f) No caso de que a instalación de estacións terrestres sexa acordada polos órganos competentes das corporacións locais ou outras entidades públicas de ámbito local, a potencia radiada aparente máxima non poderá ser superior a oito watts.

g) Presentar ante a Axencia Estatal de Radiocomunicacións a solicitude de asignación de frecuencia á estación, con carácter previo á presentación do proxecto técnico, cando a potencia radiada aparente máxima sexa superior a 1 watt.

h) Para todas as estacións, deberase presentar o proxecto técnico das instalacións, de acordo cos seguintes criterios:

Para estacións con potencia superior a 8 watts deberase presentar, a través da comunidade autónoma correspondente, o proxecto técnico, asinado por un técnico competente en materia de telecomunicacións e visado polo colexio oficial correspondente, para a súa aprobación pola Axencia Estatal de Radiocomunicacións.

Para estacións con potencia inferior ou igual a 8 watts, deberase presentar na correspondente Xefatura Provincial de Inspección de Telecomunicacións, a través da comunidade autónoma correspondente, o proxecto técnico das instalacións e, posteriormente, un certificado de que a instalación se axusta ao proxecto técnico, asinados ambos os dous por un técnico competente en materia de telecomunicacións e visados polo colexio oficial correspondente. Así mesmo, deberase presentar o boletín de instalación asinado pola empresa instaladora de telecomunicacións que realizase a dita instalación».

Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento regulamentario e aplicación.*

O ministro de Industria, Turismo e Comercio ditará, no ámbito das súas competencias, cantas disposicións e medidas sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación do establecido neste real decreto; en especial, poderá determinar os prazos en que realizar os diferentes trámites que conforman as dúas fases deseñadas para a asignación dos múltiples dixitais tras o cesamento das emisións de televisión terrestre con tecnoloxía analóxica.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 26 de marzo de 2010.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,
MIGUEL SEBASTIÁN GASCÓN

ANEXO

Canles inscritas no Plan de Xenebra de 2006 no ámbito de cada proxecto de transición

CC.AA.	Proxecto transición (Pt)	TVE1	TVE2	A3	T5	Cuatro	Aut.
VAL	Aitana.	63	32	53	50	60	57
BAL	Alfabia.	54	48	61	58	64	51
AND	Almonaster La Real.	30*	22	62	59	65	28
CAT	Alpicat.	55	49	62	65	59	52
CAL	Aranda de Duero.	55	49	38	35	32	
PVA	Archanda.	28, 55	22, 57	25, 59	49, 62	37, 65	35
GAL	Ares.	28	22	62	65	35	25, 31
ARA	Arguis.	32, 41, 64	34, 43, 58	27	24	21	36, 47
CAL	Ávila.	55	49	59	65	62	
AND	Baza.	40	43	56*	53*	50*	46
EXT	Cáceres Norte.	26*	36*				28
MUR	Carrascoy.	59	65	44	38	42	29
CEU	Ceuta.	54			38	35	
CAM	Chinchilla.	46	43	50	56	53	40
CAT	Collserola ¹ .	41	31	34	27	47	44
AND	Córdoba.	24	21	58	64	61	27
CAM	Cuenca.	22*	34*	37	60	63	23
AND	Cuevas de Almanzora.	52	55	45	35	32	49
VAL	Desierto.	39, 65	45, 59	55	52	49	33, 62
GAL	Domaio.	24	39	61	54	64	31, 37
EXT	Fregenal de la Sierra.	64	58	56	31	34	61
CNR	Fuerteventura.	41, 55	44, 52	34	37	31	49
AST	Gamoniteiro ² .	42, 52	39, 49	28, 30	32, 33	35, 36	45, 55
CAT	Girona ³ .	49	55	35	32	38	52
CAM	Guadalajara.	26	24	31	47	37	28
AND	Guadalcanal-And ⁴ .	43	40				46
EXT	Guadalcanal-Ext ⁴ .	50	64				54
AND	Huelva.	39	45	56	32	35	42
ARA	Inoges-Sediles.	60	57				
CNR	Isleta, La.	25	28	38	32	35	22
CNR	Izaña.	34, 63	37, 45, 57	26, 44, 54	29, 47, 51	23, 41	31, 36, 39
PVA	Jaizquíbel.	54	48	41	31	44	50
ARA	Javalambre ⁵ .	44	41	26	33	30	47
AND	Jerez de la Frontera.	26, 39, 54	23, 42	49	55	53	45
CAM	La Mancha.	33, 61	36, 58	44, 51	41, 48	47, 54	30, 64
CNR	Lanzarote.	32	35	53	50	56	30
CAT	Lleida norte.	39	45				47*, 62
RIO	Logroño.	32, 65	38, 59	40	48	46	
CAL	Matadeón.	30	33	51	54	48	
GAL	Meda ⁶ .	53	47	43	40	26	50
MEL	Melilla.	21	27	60	57	63	
AND	Mijas.	24*	59	45	42	39	62
NAV	Monreal.	29, 36	23, 26	53	37	55	
EXT	Montánchez.	26, 44	36*, 47	57, 59	37, 65	55, 62	41
PVA	Monte Oiz.	28*	30	51, 60	34, 38	29, 36	33
BAL	Monte Toro.	21	24	59	40	62	28*
RIO	Monte Yerga ⁷ .		43	51		41	

CC.AA.	Proxecto transición (Pt)	TVE1	TVE2	A3	T5	Cuatro	Aut.
ARA	Muela, La.	33	46	30	54	22	40
CAT	Musara, La.	60	57	37	53	50	63
CNR	Palma, La.	21	27				62*
GAL	Páramo.	34	37, 57	23	44	41	46, 60
AND	Parapanda.	26	23	56	53	50	29
AND	Pechina.	41	47	64	61	58	44
CAL	Peña de Francia.	42	39	29	63	60	
CNR	Pozo de las Nieves.	56	59	36	32*	35*	22*
CAL	Redondal.	24	21				
MUR	Ricote.	59*	65*	41	35	48	29*
BAL	San Juan Bautista.	22	28	49	55	35	25*
AND	San Roque.		37	24	21	27	34
AND	Santa Eufemia.	37	34	41	48	44	31
CAN	Santander ⁸ .	40, 53	46, 56	32, 63	29, 36	38, 60	
GAL	Santiago.	53	45	59	38	56	42
CAL	Segovia.						
AND	Sierra Almadén.	45, 60	27, 39	43, 49	35, 46	32, 40	42, 52, 63
AND	Sierra Lujar.	38*	57				63
CAL	Soria ⁹ .	39	45	21	27	24	
VAL	Torrente ¹⁰ .	25	22	43	40	46	28, 29
MAD	Torrespaña ¹¹ .	49	55	65	59	62	41, 52
CAT	Tortosa.	23	26				29
AND	Valencina de la Concepción.	63	52	38	41	44	60
CAL	Valladolid e Ávila Norte.	46	43	50	53	56	
CAM	Valle del Tiétar.	37	31	53	43	47	35
CAL	Villadiego ¹² .	47, 54	41, 51	33	30	36	
CAL	Villamuriel del Cerrato.	31	37	54	51	48	
PVA	Vitoria.	45	39	32	35	29	43
CAL	Zamora.	31	37	58	61	64	

Notas:

* Os casos marcados cun asterisco son aqueles en que a canle inscrita en GE06 non coincide coa conversión directa da analóxica de procedencia por razóns de coordinación internacional.

1 A área xeográfica de Collserola abarca os proxectos de transición de Collserola, Collsuspina, Manresa, Mataró e San Pere Ribes.

2 A área xeográfica de Gamoniteiro abarca os proxectos de transición de Gamoniteiro e Oviedo.

3 A área xeográfica de Girona abarca os proxectos de transición de Girona e Ripoll.

4 A área xeográfica de Guadalcanal dividiuse, por conveniencia, en Guadalcanal-And e Guadalcanal-Ext.

5 A área xeográfica de Javalambre abarca os proxectos de transición de Javalambre e Teruel.

6 A área xeográfica de Meda abarca os proxectos de transición de Meda e Ourense leste e Zamora norte.

7 A área xeográfica de Monte Yerga abarca os proxectos de transición de Monte Yerga e Tudela.

8 A área xeográfica de Santander abarca os proxectos de transición de Santander e Cantabria leste.

9 A área xeográfica de Soria abarca os proxectos de transición de Soria e Soria leste.

10 A área xeográfica de Torrente abarca os proxectos de transición de Torrente, Mondúber e Utiel.

11 A área xeográfica de Torrespaña abarca os proxectos de transición de Torrespaña e Madrid norte.

12 A área xeográfica de Villadiego abarca os proxectos de transición de Villadiego e Pancorbo.